

Concello de Mugar dos
(A Coruña)

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Concelleiro Delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá

José Miguel Mahía Prados

(Delegación da Alcaldía: R.A. 114/2020 de 06.02.2020).

Asunto: PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DO PERSOAL PARA O PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS DO CONCELLO DE MUGARDOS 2020. PRAZAS DE PEÓNS. NOMEAMENTO DE TRIBUNAL E DATA DA ENTREVISTA

Visto o expediente que se tramita para a contratación laboral temporal, mediante concurso e entrevista persoal, de dous Peóns, ao abeiro da subvención concedida pola Deputación da Coruña para o PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL (PEL CONCELLOS), téndose formulado oferta para tal fin á oficina de emprego Ferrol – Esteiro, núm12-2020-3433 PEÓNS.

E visto o resultado da selección de candidatos/as efectuada polo Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG), esta Alcaldía, no uso das facultades que ten conferidas, RESOLVE:

Primeiro.- Designar o tribunal cualificador que xulgará o proceso selectivo de peóns, que estará integrado da seguinte maneira:

Presidente/a:

Titular: Mercedes Ocampo Santiago, tesoureira do Concello de Mugar dos

Suplente: Rosa Hermida López, funcionaria do Concello de Mugar dos

Secretario/a:

Titular: Rafael Bermúdez Iglesias, secretario da Corporación

Suplente: Beatriz Santiago Yañez, funcionaria do Concello de Mugar dos

Vocais:

Titular: Olga Fra Gálvez, arquitecta do Concello de Mugar dos

Titular: Juan Carlos Romero Formoso, encargado do persoal laboral de servizos do Concello de Mugar dos


Titular: Antonio Tenreiro Eiris, peón de servizos do Concello de Mugar dos,

Persoal colaborador do tribunal: Rosa M Rey Dominguez, AEDL do Concello de Mugar dos

Segundo.- Convocar aos membros do tribunal cualificador para que concorran á Sala de Comisións da Casa do Concello o día 19 de xuño de 2020, ás 12.30 horas, ó obxecto de realizar a baremación curricular

Avda. de Galicia, 45. Tfnos. 981470338 – 981470290 - 981471701 Fax. 981472017- 15620 Mugar dos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.mugar dos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Mugardos (A Coruña)

Terceiro.- Convocar aos/ás aspirantes o día 19 de xuño de 2020, no Concello de Mugardos, ás 12.50 horas, ao obxecto de realizar a entrevista persoal. Establecer a orde de actuación dos/as aspirantes que teñen aportado a documentación requirida no prazo habilitado ao efecto, empezando pola letra “S”, tal e como establece o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de Selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma (DOG do 10.02.2020), para a OEP 2020.

Cuarto.- Publicar o presente acordo no taboleiro de edictos da Corporación e na páxina web municipal aos efectos da convocatoria dos/as aspirantes.

Mugardos, asinado dixitalmente polo Concelleiro Delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá.